



***contigo, Galiza decide !***

[www.bng-galiza.org](http://www.bng-galiza.org)

## **IAGO TABARÉS PRESENTA A SÚA PÁXINA PERSOAL EN INTERNET COMO "LUGAR COMÚN" PARA O DIÁLOGO E A PARTICIPACIÓN**

**Ourense, 19 Febreiro 08.-** O candidato do BNG ao Congreso pola provincia de Ourense, Iago Tabarés, ven de activar a súa páxina persoal [www.iagotabares-bng-org/web](http://www.iagotabares-bng-org/web) como "lugar común" e espazo para un diálogo que outras canles de comunicación non permiten.

Tabarés –xunto ao resto dos cabezas de lista nacionalistas- faise dende hoxe un oco na rede para achegar as propostas e as mensaxes coas que concorre a estes comicios cun rexistro diferente e confiando en poder aproveitar as potencialidades de Internet para non só aportar senón tamén recibir dun xeito máis directo as suxestións e demandas da sociedade.

Trátase, para o candidato do BNG, de poder dar cumprimento á esencia mesma do político: o diálogo e a participación. Asemade, este blog ten que servir tamén, afirma, para deixar constancia de que os candidatos son persoas, teñen alma.

Ás impresións diarias do candidato, hai que engadir, pola súa utilidade, as seccións adicadas ás notas de prensa que xenera, diferentes documentos, axenda e perfil biográfico. Tamén debe salientarse a escolma de ligazóns: medios dixitais galegos, espazo de software libre e en galego, Galipedia, puntogal, etc.

Tabarés lembra que se o impulso das tecnoloxías da información e da comunicación en Galiza é importante, en Ourense aínda cobra maior relevancia en tanto a provincia ten importantes eivas na materia, como a baixa conectividade. Salienta, ademais, a firme proposta de conseguir o apoio do Goberno do Estado para a consecución do dominio galego: ".gal", incluída no programa electoral para o próximo 9 de Marzo.

A posta en marcha desta páxina coincide coa presentación da nova web nacional do BNG: [www.bng-galiza.org](http://www.bng-galiza.org) e confirma a aposta desta formación política polas novas tecnoloxías. Cómpre lembrar, por exemplo, que o espazo do BNG na canle de vídeos de Youtube <http://es.youtube.com/telebng> "é o terceiro máis visitado de todas as formacións políticas do Estado, con case 24.000 visitas".